

Avance en sustentabilidade e transformación dixital

EROSKI IMPLANTA O TÍCKET DIXITAL

- **Incorpora esta opción dentro da nova versión da súa app EROSKI**
- **Ofrece a posibilidade de consultar e de descargar na súa aplicación o recibo da compra realizada como alternativa ao tradicional de papel**
- **Os socios de EROSKI club poderán así ter sempre o ticket no seu móbil ou ordenador e consultar os dos dous últimos anos**
- **Esta nova opción permitirá tamén reducir o consumo do papel e, xa que logo, reducir o seu impacto ambiental**
- **Ademais, os tickets de papel impresos na tenda están libres de bisfenol A**

Elorrio, 15 de abril do 2019.- [EROSKI](#) ofrece dende hoxe a posibilidade de consultar e de descargar os tickets de compra de xeito dixital instantaneamente tras realizar o pagamento, como alternativa ao tradicional ticket impreso.

A cadea de distribución actualizou a súa aplicación móbil EROSKI na que incorpora este novo servizo. Os máis de 3,5 millóns de socios do programa de fidelización EROSKI club poden así optar por deixar de recibir tickets da compra en papel para facelo en formato electrónico. Trátase dunha alternativa gratuíta que é activable dende a aplicación e igualmente reversible dende esta. Está tamén dispoñible na web [eroski.es](#), dentro da área persoal de cada socio.

Os tickets dixitais preséntanse na app EROSKI nunha versión navegable para facilitar o acceso á información que conteñen. Pero, ademais, se algunha persoa usuaria desexa descargalos (pdf), pódoo facer tamén dende a mesma aplicación, que mesmo permite compartilo por correo electrónico ou por mensaxería. Trátase dun servizo que lle facilita ao usuario ter os seus recibos sempre á man e consultar as compras en calquera momento e lugar.

"Quen dea de alta esta opción na aplicación EROSKI poderá recuperar os tickets dos dous últimos anos, o que representa unha gran vantaxe, por exemplo, no caso de ter que acceder á garantía dun produto na que o recibo de compra é imprescindible como xustificante. Ademais, é un xeito máis sinxelo e cómodo de

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

coñecer o detalle das compras, os descontos que se ingresan na súa tarxeta EROSKI Club, etc. O uso das tecnoloxías elevou o número de consumidores que espera unha proposta comercial onmicanal. Con esta nova opción de ticket queremos contribuír a mellorar a súa experiencia de compra, permitindo que sexa máis cómoda e sostible", explicou a directora de Márketing, Eva Ugarte.

Consumo responsable

Estas decisións supoñen un novo paso no compromiso de EROSKI a prol dun consumo máis sostible. A súa posta en marcha permitirá reducir o papel emitido na liña de caixas e, xa que logo, reducir o seu impacto negativo no medio.

Concretamente en EROSKI emítense máis de 298 millóns de tickets en papel ao ano. Só na súa fabricación requírese aproximadamente a corta de máis de 3.500 árbores, o consumo de auga equivalente a 3 piscinas olímpicas e a enerxía que consumen 84 familias anualmente. Se se dese acadado que a totalidade dos clientes se desen de alta na opción de ticket dixital, iso evitaría a emisión de máis de 239 toneladas de CO₂ equivalente que se xeran durante a produción de papel.

Unha aposta polo consumo responsable que EROSKI reforza co uso de papel libre de bisfenol A na emisión dos seus recibos de compra en papel.

EROSKI avanza así na súa transformación dixital e sustentabilidade con esta nova funcionalidade da súa aplicación. Quen desexe acceder a esta alternativa de ticket dixital só ten que descargar a app EROSKI que está dispoñible de xeito gratuíto en Google Play e Apple Store e activar o servizo. Ademais, deste xeito poderán acceder tamén ao resto de vantaxes que ofrece a aplicación, como activar e trocar ao instante os vales de aforro (sen papel), atopar máis doadamente as ofertas, pagar co móbil e EROSKI Club Pay, ter a lista da compra á man, coñecer o saldo da tarxeta EROSKI Club e os puntos Travel Club, etc. Ademais, o servizo de ticket dixital tamén está dispoñible na web eroski.es para garantir unha experiencia onmicanal.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)